

Narrativa

Filla

Carmen BLANCO

*A miña filla Mariña,
que vive en Madrid.*

PARA QUE NAZA A VIDA

A naturalidade feliz de facer o amor cada día para que naza a vida.

CREAR

Crear con amor. Pois sen amor nada libre se crea.

A MARABILLA DA VIDA

A marabilla da vida. A verdadeira poesía. Facer o amor da vida. Crear cos nosos corpos o seu corpo.
Poesía viva.

XURRA A TÚA VIDA

Móvese a miña vida na viaxe permanente mentres xurra a túa no meu ventre móbil revertente.

GOZO PLENAMENTE DA VIDA

Gozo plenamente da vida e cóidome para coidarte dentro de min.

AGARDO APRACIBLEMENTE

Agardo apraciblemente que o prazo da túa vida fóra de min se cumpra.

GOZAR DO PRACER

Nacerte foi gozar do pracer de parir.

O MUNDO É REDONDO

Mentres mamas o mundo é redondo para as dúas.

MELLOR QUE SOÑAR

Terte no colo é mellor que soñar.

PACIFICAS A TERRA

Dormes e pacificas a terra.

O TEU PRESENTE E O TEU FUTURO

Qué alegría me dá o teu presente e o teu futuro.

FASME MULLER

Medras e fasme muller feita e dereita.

ESTAMOS EN HARMONÍA COA VIDA

Levámoste da man e estamos en harmonía coa vida.

A CAIXA DA FELICIDADE

Pai agasallábate coa caixa da felicidade.

A LIBERDADE DA VIDA

Nai peitéache o pelo coa liberdade da vida.

MARIÑA

Levas libremente o nome do mar que amamos amándonos libremente. Mariña.

A LANZADA

Nove vagas nove novamente nove move o mar e a vida move nove vagas novamente amor e nacemos novos e naces nova vida e medras e renace a vida vagas nove e renovas a flor da alegría da auga da Lanzada.

COMPOSTELA

Seguindo a vía láctea do leite do meu peito levámoste de Lugo ao Libredón. Durmiches no lugar de Lupa en leito con dosel de bosque antigo. E levas a liberdade universal da Compostela cósmica.

MADRID METRÓPOLE

Madrid Metrópole do Mundo. Madrid Metrópole Galaica.

POETAS EN PARÍS

Pasamos todas as pontes da primavera de París. Seguimos todos os pasos da poesía do poeta en París.
E somos poetas en París. París, Nefertiti.

O ESPLENDOR DOS XIRASOLES

Vivimos Amsterdam na liberdade da arquitectura da memoria da acollida da xente xudía portuguesa exiliada; da casa de atrás do refuxio xudeu e do diario xudeu de Ana Frank contra os espantos do fascismo; dos soños humildísimos do soto humidísimo xunto á canle escura; do cuarto da esperanza ascética de Van Gogh no que eu vivín na esperanza ascética antes do noso amor; das casas ocupadas das comunas anticapitalistas da alegría das pinturas do arco da vella multicolor; das cores vermellas, verdes, violetas, púrpuras, rosas... do arco da vella de todas as liberdades, as xustizas e as igualdades humanas; do brillo da bicicleta branca; dos arquivos da memoria revolucionaria reivindicada polo anarquismo galaico; da celebración da vida negada da muller que mexa de Rembrant. Vivimos Amsterdam na liberdade do esplendor dos xirasoles que somos.

LIBRES EN NOVA YORK

Fomos absolutamente libres en Nova York amándonos nas alturas do mundo desde onde se ve todo claro.

ROMA, AMOR

Foi necesario marchar a Roma, amor, e pasear cada noite a Estación Termini para traer todo o fulgor das fontes e dos ríos, meu Ganxes, ti, e a beleza prohibida de Antínoo.

CUBA PERDIDA

Vivimos da serra á praia a Cuba perdida. Perdémolo todo en La Habana. E volvimos só co que importa.

GREGOS GALEGOS

En Grecia gozamos a alegría dos nosos principios. Eu sempre fun grega e ti Zorba.
Gregos galegos os dous. Materialistas anteriores á tristeza. E ela leda nosa filla.

TERRA NOVA

Na Vella Terra Nova, tan coñecida polos mariñeiros galegos, coñecemos nós a futura desaparición da pesca artesanal na nosa Terra Vella de Galicia. Desde o Mirador das Damas nosa filla do mar, concibida na auga, enxergaba a liberdade do mar e das mulleres de Muxía.

A VELLA EN BERLÍN

Nada máis chegar á cidade tomada polos osos o arco iris eternízase no ceo e vemos a Vella en Berlín. Na estancia a inmensa beleza prohibida de Nefertiti aniquila a horrible memoria de todas as ruínas e de todos os horrores. E cando marchamos levamos con nós unánimes rosas negras.

FLUÍMOS EN FLORENCIA

Fluímos en Florencia con toda a beleza do mundo.

VIVIR EN VENECIA

Fomos privilexiados un tempo por vivir en Venecia a harmonía da cópula das pedras e as augas na cidade máis fermosa da terra.

ÍNTIMOS AMIGOS

Pais e filla paseamos do brazo moito mundo e a vida fixonos tres íntimos amigos.

LIBERDADE INDOMABLE

A nosa liberdade indomable fai posible o imposible.

De *Atracción total*, no prelo en Edicións Xerais de Galicia.